

Estimadas familias:

Unha nova semana comeza, moito ánimo, xa queda menos.

Gustaríame que me escribídeses un correo para saber que tal os nenos e nenas, como están a levar esta situación, si vos gustan as propostas, saber si tedes ordenador e internet para acceder a elas.

Recórdovos o meu correo de contacto: [laura.mendez@edu.xunta.es](mailto:laura.mendez@edu.xunta.es)

Ademais podedes escribir para dúbidas, para enviar fotos para o blog e que se poidan ver dende a casa ou o que precisades.

#### A continuación vos deixo as **propostas para esta semana**:

-Seguid coa rutina do **calendario** que vos propuxen a semana pasada no horario de repaso. Ver nun calendario o día da semana no que estamos, o número e o mes e debuxar nesa casilla o tempo que fai, para ir tomando conciencia do cambio de estación. Mirar pola fiestra ou sair si temos xardín para tomar conciencia de cómo está o ceo. Si tedes un termómetro de exterior podedes tamén apuntar a mesma hora todos os días a temperatura.

- **Escoitar contos e crear os debuxos.** En radiocuento, podedes atopar distintos audios de contos. <https://radiocuento.com/>  
Propoñovos que despois de escoitar, escollades o que máis vos gustou e creedes un pequeno libro cos seus debuxos.

- **Conto para leer online**, con letras maiúsculas, pide axuda a familia para lelo, “Los pollitos en el colegio”:

[https://issuu.com/anayainfantil/docs/los\\_pollitos\\_escuela\\_issuu](https://issuu.com/anayainfantil/docs/los_pollitos_escuela_issuu)

Na páxina web da biblioteca do cole podedes atopar máis títulos. Isto vale só si tedes ordenador, é complicado para ler no móbil.

- **Xogar a Tea de Araña.** Trátase de montar unha pequena tea de araña con lá, fíos, corda ou o que teñades a man. Podedes usar unhas cadeiras para ir pasando o fío e crear a tea. Unha vez lista os nenos e nenas deberán cruzar esa tea intentando non tocar os fíos, porque senón quedarán pegados e virá a araña para comelos.




- **Experimento:** esta semana podedes aprender a facer a vosa plastilina caseira, que ademais servirá para xogar. Deixovos o enlace con un vídeo explicativo moi sinxelo.

[https://www.youtube.com/watch?time\\_continue=28&v=BX1nxXP81LE&feature=emb\\_logo](https://www.youtube.com/watch?time_continue=28&v=BX1nxXP81LE&feature=emb_logo)

Recordade gardala ben para que non seque ou si queredes podedes moldear cousas que vos gusten e deixala sin tapar para que se poña dura co paso dos días. Podedes crear figuríñas para xogar, algún adorno para regalo, etc.

- **Reto de fotografía.** Nos arquivos da carpeta de 5 anos tedes a explicación da actividade. É como o que vos propuxen con Frida Khalo fai unhas semanas. Escolledes un cadro e vos guste e tentades reproducilo con cousas que teñades pola casa. Eu fixen un de Frida, a ver si vos animades e me mandades algunha foto. Aquí vos deixo a miña:











- **Reto na cociña.** Anímovos a preparar un prato creativo, ademais de delicioso e saudable. Utilizade un coitelo axeitado para non cortarvos e coa supervisión dun adulto. Podedes enviarme as vosas fotos. Este foi o meu almorzo un par de días. Gústavos??



- **Ideas para mover o corpo** cando estamos cansos de traballar ou un pouco baix@s de ánimo.

## 12 EXERCICIOS PARA RECUPERAR A ALEGRÍA E O BÓ HUMOR

ANÍMATE A PROBAR, A VER CAL CHE FUNCIONA

<p>1. La cabeza alta </p> <p>2. Saca pecho </p> <p>3. Respira con los labios fruncidos </p> <p>4. Balancea los brazos </p> <p>5. Estírate, expándete </p> <p>6. Bosteza </p>	<p>7. De pie, con las piernas separadas </p> <p>8. Mueve las caderas </p> <p>9. Pisa con fuerza </p> <p>10. Tararea </p> <p>11. Sonríe </p> <p>11½. Ríete con ganas </p> <p>12. Siéntate con las piernas separadas </p>
--	--

- **loga.** Aquí vos deixo unhas imaxes con algunha postura nova. Despois de practicar as posturas, estaría ben facer uns exercicios de respiración consciente cos nenos e nenas, guiándoos para tomar e soltar o aire e para rematar sentarse ou tumbarse con música relaxante e os ollos pechados.



- **Matemáticas:** seguides coas sumas e restas sinxelas, tamén coa descomposición de números. Deixádelles obxectos para manipular e que lles resulte máis doado entender o que fan.

**-Lectoescritura.**

\*Xogamos a completar palabras. Escribide nun papel palabras sinxelas, omitindo unha letra para que os nenos e nenas a completen. Por exemplo: CA\_A. Aquí poden completar e facer CAPA- CALA- CANA- CASA- CARA..... dámoslle por acertado si se lle ocorre unha opción, pero animámoslos para que atopen máis e axudámoslle si é preciso. Tentade poñer palabras con só dúas sílabas e ter un abecedario cerca axudaralles a ter unha referencia visual para pensar si lles resulta difícil, xa que non habíamos xogado previamente. Ideas: PA\_A, MA\_A, NA\_A, SE\_TA, CO\_O, PE\_A, MO\_A, CO\_A, LA\_A, RO\_A.

\*Escribe todas as palabras que se che ocorran que empecen pola mesma letra que o teu nome. Outro día faino coa letra de mamá, outro de papá e outro de teus irmáns si os tes ou a letra que ti escollas.

**-Inglés.**

\*Para mesturas de cores <https://youtu.be/lwfZvRuE7s8?list=PL9bsPVRsg1skPJCyYIGHIVXcRo9WZJtzh>

\*Para repasar cores coas froitas/vexetais... <https://youtu.be/uOsJouK7YN4>

\*Tempo de lavar as mans, wash your hands song... <https://youtu.be/dDHJW4r3eE>

**- Autonomía.**

\*Aprende a facer a túa cama. Ao principio pode parecer complicado, pero segundo practiques irá quedando mellor.

\*Pon a mesa para as comidas e recolle todo cando rematedes.

-**Los increíbles Mum.** Unha aplicación con actividades educativas. Deixovos o enlace aquí para descargar a de 5 anos: [https://play.google.com/store/apps/details?id=com.santillana.increiblesmun5&hl=en\\_US](https://play.google.com/store/apps/details?id=com.santillana.increiblesmun5&hl=en_US)

Espero que vos estean a gustar as propostas. Moitos bicos e apertas para os nenos e nenas.